



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Comisión de Valoración do Concurso de Axentes de Vixilancia Aduaneira

No día de hoxe estaba previsto comezar o traballos da Comisión de Valoración deste Concurso. Desde a CIG propuxemos que se debía coñecer previamente á resolución deste concurso se, desde RRHH, estaba previsto tomar algunha medida cos Axentes de Vixilancia Aduaneira que perden retribucións (algúns ata case tres tramos) a costa da súa mobilidade, pois lembremos, éstos non poderían recuperar o seu tramo posto que o período transitorio para o subgrupo C1 xa rematou o 1 de marzo. Sería o único caso no que se daría esta situación, posto que tanto os Axentes Tributarios, como o Corpo Técnico e o Corpo Executivo de Vixilancia Aduaneira que levaron praza nos concursos deste ano poden recuperar o seu tramo retributivo nas datas establecidas no Acordo, ao resolverse os seus respectivos concursos antes do 1 de marzo e 1 de setembro, respectivamente.

Lembramos tamén que o feito de que o concurso non se convocara antes non pode servir para penalizar aos funcionarios que, despois de moitos anos de espera teñen unha oportunidade para votar ao seu lugar de orixe.

Como o Presidente da Comisión de Valoración non é competente para aclararnos ese tema tivemos unha reunión co Subdirector Xeral de RRLL e o Director Adxunto de RRHH, para pedirlle a reunión inmediata da Mesa de Carreira Administrativa para tratar esta cuestión e así seguir coa resolución do concurso. Entedemos que agora pode haber présa por resolver o concurso pero só precisamos que se aclare esta cuestión antes de continuar coa Comisión de Valoración.

Respecto a outras cuestións do concurso poidemos saber que a idea de RRHH é a de baixar os mínimos para poder cubrir as prazas no caso de que non se produza suba de tramo dos solicitantes. Desde logo a nosa petición é que se deben cubrir as prazas en todos os casos e que, no caso de que quedara algún posto vacante en sitios moi demandados, como Galicia, que se oferte un novo concurso coas resultas.

Tamén estamos á espera de cómo se van dar eses tres puntos, aos mariñeiros de Operacións Especiais, tal e como establecen as bases do concurso, cuestión que ninguén nos aclarou (évanse dar a todos? é só para algunhas prazas? é cales van ser os criterios?)

Demos boa conta tamén do erro na redacción das bases do concurso que produce que sexa matemáticamente imposible que ninguén alcance a puntuación mínima no apartado de "Trabajo Desarrollado" para os postos de nivel 20, posto que no se tiveron en conta, nas bases do concurso, os procesos de integración en Vixilancia Aduaneira do ano 1999.

Respecto ao prazo para renunciar lembre que remata ás 24:00 horas do día que teña lugar a última reunión da Comisión de Valoración. Tal e como están as cousas esperamos a próxima reunión para a semana que vén, onde veremos se nos aclaran todas as cuestións que están pendentes de tratar. Seguramente haberá novos listados, pois a día de hoxe seguían chegando a RRHH renuncias e reclamacións polo que se poden producir variacións nas adxudicacións provisionais.

CIG-AEAT  
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA  
TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22  
WWW.CIGAEAT.COM